



Estimadas familias:

A Concellaría de Educación, Deportes e Xuventude por medio do programa educativo municipal EDUCASAÚDE, os centros educativos da cidade e a Asociación ADAFAD, pon en marcha os programas:

1.- "A rede e as súas redes"

Dirixido ao alumnado que cursa 5º e 6º de Educación Primaria. No transcurso de catro sesións facilitarase ó alumnado que cursa tercer ciclo de primaria ferramentas útiles para un bo manexo de Internet. O programa será o seguinte:

- Que sabes de internet? Ata onde chega? E os teus datos?
- Un traxecto por percorrer: oral – escrito – virtual.
- Real - virtual: quen o di? como o di? por que o di? para que o di?
 - Cando tes que preocuparte? A quen vas a acudir?
 - Offline – online

Serán catro sesións en horario escolar, os martes 5, 12, 19 de marzo e 2 de abril.

2.- "Cómo protexer aos menores na rede"

Dirixido a pais e nais. Ao longo de dúas sesións de 1 ½ h cada unha transmitirase ós pais e nais os riscos asociados aos usos que os menores fan de internet e os recursos dos que dispoñen para previlos. O programa será o seguinte:

- Redes: Están para quedarse! Que vas facer?
- De que estamos a falar? google, facebook, tuenti, etc
- Avanzando polo camiño... que imos levar na mochila?
 - Por onde anda o meu fillo/a na rede? imaxes, correos, webcam... Teño que preocuparme? Cando?
 - Seguridade online – seguridade offline: Que podo facer? Son parte da solución!

As datas das sesións serán as seguintes:

Mércores, 13 de marzo e mércores 20 de marzo ás 16:30 no propio centro.

Animámosvos a que **participedes** asistindo á reunións programadas, e que **valoredes** e **apoiedes** esta iniciativa.

A DIRECCIÓN



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña
Concellaria de Educación, Deportes e
Xuventude